

# O TRASNÓ

MAIO 2011

IES ALVARO  
CUNQUEIRO

RELATOS  
ACTIVIDADES  
POESÍA  
CANTAS  
LOIS PEREIRO



## INDICE

<i>Día das Letras Galegas.</i>	3-6
<i>Agnócide. Muller nun mundo de homes(pre)parados</i>	7
<i>Terremoto de Xapón</i>	8
<i>Premios Día das Letras Galegas</i>	9
<i>Fotos alumnos 2010-2011</i>	10-13
<i>Teatro "Aulatalía"</i>	14-15
<i>!º premio narrativa en castelán (1ª etapa)</i>	16-17
<i>Unha pequena historia conspiranoicodeportiva</i>	18-19
<i>O rock galego</i>	20
<i>Clubs de lectura</i>	21-22
<i>Entroido no instituto</i>	23
<i>Actividades escolares</i>	24
<i>3ª Portada</i>	25-26
<i>Contraportada</i>	27
	28

## Editorial

### OS INVISIBLES

O grave non é que haxa pobres, o grave é que se vexan pedindo esmola pola rúa. As rúas deben de presentar un bo aspecto, e iso inclúe limpaldas de pobres. É responsabilidade que así ocorra. As mulleres tamén son necesarias, ninguén o dubida; mais resulta estraño que ocupen postos de responsabilidade -dirección de empresas ou de bancos- onde se fagan demasiado visibles. E o mesmo ocorre cos emigrantes. Necesítamolos, mais cabe esixirlles que permanezan recluídos nas súas casas ao remate da xornada laboral porque do contrario sentiríamonos intranquilos rodeados de tanta xente extranxeira. En todos os casos, esíxese certa discreción. En troques da nosa amable tolerancia, débese nos aforrar a imposición da súa presenza; porque a nosa tolerancia ten os seus límites.

Non hai queixa posible: a Xunta de Galicia está a cumprir coa obriga de toda autoridade que se

prece. Non se pode erradicar a molesta presenza de galegofalantes, mais estes a cambio deben conformarse co seu estatus de cidadáns de segunda categoría. A súa esixencia de igualdade de dereitos (e de deberes) constitúe un exceso (igual que pasa con esa mesma esixencia no caso das mulleres, dos homosexuais, dos inmigrantes e un longuíssimo etcétera) intolerable. Así pois, o actual goberno da Xunta límitase a cumprir o seu programa. Existe unha lei que non é conveniente que, aínda coas súas obvias limitacións, se cumpra. Cadaquén debe ser libre de cumprila ou non (máis ou menos como ocorre coa lei que me obriga a declarar os meus ingresos).

A invisibilización destes ou aqueles cidadáns sempre procede do mesmo xeito: mediante a marxinação respecto da lei. Un exemplo. Unha das medidas da Xunta neste curso consistiu na modificación do artigo 35 da Lei da Función Pública que establecía a obriga de todos os empregados públicos de realizaren cando unha proba das do proceso selectivo en galego. Pois ben, en xuño pasado, o goberno da Xunta modificou pola vía de urxencia este artigo. Xa non existe ningunha proba que obrigue a acreditar un mínimo coñecemento da lingua galega a eses funcionarios que deben atender a unha maioría da poboación galegofalante.



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

LOIS PEREIRO (1958-1996)



## Vida:

Naceu en Monforte de Lemos, en febreiro de 1958. Monforte, o Londres galego. Unha cidade construída sobre a néboa. Cando pasan quince ou vinte días sen sol, sen ver a casa diante da que se pasa, o mundo faise enorme, infinito, porque se converte nun mundo imaxinado. "A néboa fumadora de opio é nai de siluetas furtivas", escribiu Lois.

A súa familia procedía d' O Incio, onde pasaba de neno os veráns. "Se queres ser feliz un mes, namórate; se queres ser feliz un ano, casa; mais se queres ser feliz toda a vida, faite xardineiro... Penso decote que na casa inhabitada e chea de recordos da miña familia materna, hai un xardín asilvestrado e triste que coidar..."

Cando era estudante de COU (1974), coñece na discoteca monfortina Xolda a Piedade Cabo. Soaba para bailar a música de Deep Purple, Roxy Music, Led Zeppelin ou Janis Joplin. Vivirán xuntos en Madrid: el como estudante da Escola de Idiomas e ela, de xornalismo. E xuntos, exhibindo ambos a elegancia punki da época (enamorado de la moda juvenil, dicía unha canción de Radio Futura), realizarán as súas viaxes iniciáticas por Europa. En 1979, Francia, Gran Bretaña e Irlanda. En 1980, Amsterdam. En 1983, Berlin. Acoden a miúdo á Filmoteca para ver en sesión dobre os filmes de Fassbinder, Ozu, Dreyer, Kurosawa e escoitan a música de Joy Division, The Cure, Lou Reed e, especialmente, a de The Clash (London Calling). E len a literatura de Handke, Bernhard, Celine, Pound.

Os rapaces do piso de estudantes do Paseo de Extremadura en Madrid compran e consumen aceite de colza. Ano 1981. Lois Pereiro, convertido nun paralítico e reducido aos ósos, regresa á casa dos pais en Monforte. Lois dá en consumir heroína, a droga dos modernos de entón. En 1987 xa se converteu en adicto. Logo virá a sida que acabará con el. En 1985, Piedade abandonáralo para marchar aos EE.UU.

Unha vez convertido nun morto vivente, dedícase por enteiro á escrita e a pasear, sobre todo pola Coruña, cidade na que reside os últimos dez anos da súa vida, a súa figura de dandy escravo da elegancia. Imposible saír de casa sen botarse unha ollada no espello e vaporizarse con Égoïste de Chanel.

A primeira poesía de Lois Pereiro publicase na revista Loia, revista underground dos galegos de Madrid creada en 1975 por Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Fermín Bouza e Antón Patiño. Tratábase dunha "revista ciclostilada que ía do surrealismo ao culturalismo, do onírico ao conceptual, de Breton a Ezra Pound, e que apostaba por unha liña creativa e cultura da que ningún dos fundadores ía renegar: a modernización, a posta ao día dunha cultura que estaba anquilosando no testemuñalismo, a necrofilia e o provincialismo, e que precisaba dunha apertura de horizontes e unha nova linguaxe", escribiu o poeta Xavier Seoane.

Integrado no grupo dos poetas coruñeses (Lino Braxe, Manuel Rivas, Pilar Pallarés, etc), participa nas coleccións de poemas De amor e desamor. O seu primeiro libro de poesía titúlase Poemas 1981/1991, pero o máis coñecido titúlase Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995), publicado un ano antes da súa morte en 1996. Foi enterrado n' O Incio.

### O que dixo a crítica

"O profundo coñecemento que Lois Pereiro posuía da cultura e da contracultura do seu tempo, xunto coa súa experiencia vital, explican a súa mirada interior e exterior e a súa escrita. Os poemas e os relatos de Lois Pereiro siúan os seres na liminalidade porque el tamén estaba aí, na fronteira. Moitos dos seus poemas son escenas cinematográficas nun espazo fronteirizo e cuns protagonistas sumidos no movemento e na inestabilidade vital. Literatura urbana ambientada nos espazos públicos (rúas, trens, metro, bares...) coma as películas de David Lean e Win Wenders. A linguaxe do cine vén suplir, desta maneira, aquilo que resulta indescribible na escrita e mostra o que sucede no labirinto da cidade.

"Poeta e transeúnte, ser na liminalidade, desprazado mentres crea e mentres se despraza a outras cidades (Leonberg, Sligo, Dublín, Edimburgo, Lisboa, Barakaldo, Sestao...) coma outro paseante urbano á deriva por el citado, Baudelaire. Pero tamén Galicia co seu paraíso no Incio e coa marxinalidade", (Ana Acuña).

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS



## O que dixo a crítica

“El era o espécime raro, un punki no sentido amplo, no sentido que lle dá Greil Markus en Rastros de Carmín. Marcus trasesa nesa obra a xenealoxía do punk e postura que sempre estivo aí, dende a Idade Media, como unha corrente de pensamento rebentando as raíces da sociedade. O punk facía diferente a Pereiro, ademais doutras influencias rastrexables: o Dadá, os malditos, os anarquistas e os beat. As referencias aos Doors ou á Velvet Underground -Monforte debeu ser o primeiro lugar en Galicia que escoitou a Velvet- deixan patente unha atracción polos grupos americanos que poñían a cara escura dos Estados Unidos: o desasosego...” (Daniel Salgado).

## O que dixo a crítica

“A escrita quebrada de Lois, confesional, tensa e complexa, densa, instalada na tradición simbolista e, por momentos, verbalizada en acentos expresionistas, emparenta con algunhas das poéticas dos 80. Sen dúbida, a súa é unha voz moi persoal. Debo recoñecer que me interesa a súa visión dramática e intensa, tan afastada de certas liñas de gratuidade verbalista ou de documentalismo vivencial sen elaboración poemática que pretenden marcar a diferenza coas poéticas dos 80”, (Xosé Mª Álvarez Cáccamo).

## A POESÍA DE LOIS PEREIRO

## Atrocity exhibiton

Deixa un bico no espello  
 Onde arde a miña sombra pola noite  
 E que podrezan xuntas  
 A imaxe da túa ausencia,  
 Silueteada en roxo cos teus labres,  
 E o perfil violento do meu soño  
 Que enxendra amor gris fume  
 Un odio carmesín  
 E na lingua e nos dentes  
 Sangue e seme.



## Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo  
 E coa unlla do meu dedo máis firme  
 Abro un sulco vermello en medio lúa  
 Na vea que me acolle tan azul.





A POESÍA DE LOIS PEREIRO

Penetration prayer

Celebra e recibe  
Na lingua da rabia  
Nos límites da euforia  
Na túa boca  
Este ouro branco e lóxico veneno  
Co teu sangue entreaberto  
A un mundo incerto  
En doses fragmentadas da ruína

Pois a demolición  
É o ferro que nos arma

Celebra a nostalxia  
E na ausencia do vicio  
Conserva o teu odio  
Condénate  
Amén.



Poema para P. aos trinta e un anos camiño do ceo

Se a morte é un incidente necesario  
Que me penetre calada e sen furia  
A traizón e uniformemente cruel  
Coa suor que polas noites crea o fracaso  
Dun corpo que coñece os seus dominios  
Vencido pola ofensa  
Continuada dos feitos.  
E así desculpará a miña derrota  
O medo que non sinto xa por ti.



A POESÍA DE LOIS PEREIRO

Acróstico

Somentes

Intentaba conseguir

Deixar na terra algo que me sobrevivise

Sabendo que debería ter sabido

Impedirme a min mesmo

Descubrir que só fun un interludio

Atroz entre dous muros de silencio

Só puiden evitar vivindo á sombra

Inocularlle para sempre a quen amaba

Doses letais do amor que envelenaba

A súa alma cunha dor eterna

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Substituíndo o desexo polo exilio

Iniciei a viaxe sen retorno

Deixándome levar sen resistencia

Ao fondo dunha interna

Aniquilación chea de nostalxia.



# Agnódice. Muller nun mundo de homes

*(A dirección do "Álvaro Cunqueiro" quere felicitar á autora deste traballo polo premio recibido pola Universidade de Vigo co gallo da Semana da Ciencia")*



O meu nome é Agnódice, nacín e vivín en Atenas durante o século IV a.C. Probablemente non sabedes nada de min. Da miña época seguro que coñecedes a Platón e Aristóteles entre outros, aínda que non seriades quen de nomear a ningunha muller.

Daquela, ser muller significaba ficar relegada ao fogar. Non se nos permitía acceder aos coñecementos de medicina, astronomía, matemáticas, física ou filosofía e, de feito, era contrario á lei. Un dos motivos polos que non podíamos acceder a estudar medicina era tratar de impedir que as mulleres practicasen abortos ás súas pacientes. As nosas vidas estaban baixo o dominio e o control dos nosos pais, irmáns, maridos e incluso dos nosos fillos. O peor de todo era que a meirande parte das mulleres estaban a favor de tal situación.

Volvendo á miña historia, que atoparedes algo distante dado que ocorreu hai moito tempo, nacín como cidadá libre da alta sociedade ateniense. Fervíame o sangue ao ver o papel que a muller desenvolvía na sociedade, mentres que eu desexaba era estudar medicina a calquera prezo. Tiven a sorte de ser filla dun pai que me apoiou incondicionalmente cando tomei unha decisión radical: cortei o pelo e fíxenme pasar por home para ir á Escola de Alexandria, onde asistín ás clases do médico Herófilo. Como médico foi un dos mellores. Algúns dos seus avances consistiron na práctica de diseccións anatómicas en público, xunto con Erasítrato de Ceos, e mais os seus estudos sobre o encéfalo.

Foi el un gran mestre, e estou orgullosa de poder dicir que me contou entre os seus mellores alumnos. O tres de xuño do 350 a.C. superei cunha altísima nota o exame que me converteu en médica e xinecóloga.

Regresei a Atenas para exercer a miña profesión, aínda peiteada e vestida coma un home, atendendo a mulleres aristócratas. En xeral, as atenienses tiñan un gran pudor e amosaban reticencias á hora de deixarse revisar por un home. Esta era a causa principal da mortalidade, tanto das nais, coma dos seus fillos durante o parto, así que non me quedou máis remedio que lles demostrar que eu era tamén unha muller. O segredo foi de boca en boca entre as miñas pacientes e axiña tiven fama e recoñecemento, mais se cadra isto non fixo máis que complicar a situación.



Mentres as miñas habilidades eran cada vez máis coñecidas na cidade e o meu prestixio aumentaba, un grupo de médicos envexosos comezou a conspirar e a facer circular rumores contra min, acusándome de "corromper e seducir as mulleres casadas". Ata me acusaron de violar a dúas das miñas pacientes, xa vedes que barbaridade. Leváronme ate o Areópago, algo así como ir a xuízo na actualidade. Ao final, para intentar resolver un pouco a situación, tiven que facer público o meu segredo. Amoseilles que era unha muller. Sen embargo, isto tampouco me favorecía. As mulleres tiñamos, como dixeran, prohibido por ler a práctica da medicina, e o tribunal condenoume a pena de morte.

Neste punto, debo admitir que tiven medo de morrer e, de súpeto, ocorreu algo que me deixou completamente abraiada. Algunhas das miñas pacientes, as mesmas que asumían o seu rol de mulleres da sociedade ateniense sen dudar, declararon publicamente que se eu morría, elas morrerían comigo. Por suposto, isto emocionoume moitísimo. Hai outras versións que afirman que o que estas mulleres proclamaban era que os seus maridos non se preocupaban por elas e que, se non permitían que unha muller revisase o seu corpo enfermo, tampouco eles terían dereito a tocar o seu corpo san. Cadaquén que o lembre como lle pete. Eu prefiro a primeira versión. Podedes consideralo como certo sentido do drama ou, se queres, como sentimentalismo.

Sexa como for, ao tribunal non lle quedou outra que permitirme seguir exercendo, esta vez vestida e peiteada segundo os meus gustos; e máis tarde, o Consello Ateniense cambiou a lei, permitindo que as mulleres estudasen e exercesen a medicina aínda que só con pacientes do seu mesmo sexo. Que lle ía eu facer, menos é nada.

Tal vez non me coñeciades, mais agora xa sabedes un pouco máis de min. Os que me coñeceron din que fun unha muller valente, que perseguín os meus soños ate acadalos e que, ademais, conseguín o que tanto desexaba facilitando, de paso, o camiño para as mulleres das xeracións futuras.

Rocio González


# (PRE)PARADOS

Segundo unha enquisa realizada pola Fundación de Caixas de Aforro en colaboración coa UE, España sitúase en cabeza dos países da OCDE, cun 25%, en empregados sobreeducados. Isto quere dicir que este 25% de empregados teñen un nivel superior de formación ao traballo que desenvolven. Isto pode parecer positivo, mais a realidade é que tal cousa non implica un correspondente aumento da produtividade deses traballadores.

Este fenómeno é consecuencia de que, tras rematar o período de formación dos mozos, non dán atopado traballo de acordo coa súa cualificación ou que non o atopan coas condicións axeitadas. Así pois, realizan outros traballos mellor remunerados, mais sen posibilidade de desenvolver os seus coñecementos. Deste xeito, vemos como os traballadores cualificados emigran cara á Alemaña ou outros países nos que si poden gozar de contratos fixos, soldos axeitados, etc., dende o primeiro momento.

O anterior supón un desaproveitamento dos recursos do erario público, se temos en conta que a formación dun enxeñeiro, por exemplo, lle custa ao Estado un mínimo de 50 mileuros. Alén disto, a devandita formación dura uns dezanove anos, sen contar a posterior especialización.


Os feitos parecen confirmar que a única función de España dentro da UE é a dun Estado dedicado á explotación do sole mais as praias,



ademais de á barbarie urbanística sobrevida. Xustifícase así tamén a pasividade fronte á lacra do desemprego xuvenil (que se sitúa no 42%), que se fai por reducir con medidas paliativas coma os contratos temporais que nada arranxan. A contradición radica no feito de que agora, aínda por riba, se retrasa a idade de xubilación. Se non hai traballo, como se pretende que traballamos deica os 67 anos?

Tanto estudar para isto?

Luís Toledo





# TERREMOTO DE XAPON



Podería relatarvos a coñecida noticia de que "o venres 11 de marzo de 2011 se produciu un sismo en Xapón. O epicentro do terremoto foi no mar, fronte á costa de Honshu, 130 kms. ao leste de Sendai, na periferia de Mixagi, Xapón. O sismo acadou os 9 graos, despois do cal se produciu un tsunami... "Mais non o vou facer, todos coñecemos a noticia e eu vou limitarme a reflexionar sobre o que aconteceu coa central nuclear de Fukushima.

Esta planta nuclear foi deseñada pola compañía estadounidense General Electric e empezou a xerar enerxía en 1971. O día do sistema estaban operando os tres primeiros reactores, mentres as outras tres unidades estaban cortadas por mor dunha inspección periódica. Cando o terremoto foi detectado, as tres unidas en funcionamento apagáronse automaticamente. Despois de que os reactores se apagaron, detívose a produción eléctrica. Normalmente os reactores poden usar a electricidade do tendido eléctrico externo para o arrefriamento, mais a rede foi danada polo terremoto. Os motos diésel de emerxencia para a xeración de electricidade comezaron a funcionar coma sempre, mais detivéronse ás 15:41 coa chegada do tsunami que seguiu ao terremoto. Declarouse un estado de emerxencia na central nuclear, a causa da falla dos sistemas de refrixeración dun dos reactores. Informárase de primeiras de que non existían fugas radioactivas e se evacuaron os tres mil habitantes nun radio de tres quilómetros en torno ao reactor. Horas despois o radio de emerxencia elevouse a dez quilómetros, afectando agora a 45 mil persoas.



nte a raíz do terremoto e posterior tsunami, o voceiro do goberno xaponés, Yukio Edano, asegurou que a central fora pechada. Os traballadores da planta sufriron exposicións á radiación varias veces e foron evacuados outras tantas.

Moitas persoas coidan que logo do sucedido coa central de Fukushima tales centrais deberían desaparecer debido á súa elevada contaminación e os riscos que supoñen, a dificultade para eliminar os seus residuos, etc. Considero, pola miña parte, que realmente as centrais nucleares teñen moitas cousas negativas, aínda que con todo non podemos prescindir da enerxía nuclear. Quizais deberían instalarse en lugares máis seguros para que accidentes como o de Fukushima non se tornen a repetir.

Leila Alonso

# PREMIOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

APrincesa

A historia que vou contarvos é a da miña vida, e non é unha historia bonita. Non hai nin príncipes nin princesas, aínda que si dragóns e homes malvados e egoístas que só pensan no seu beneficio.

Teño 21 anos, chámome Claudia e estou en coma. Ninguén me escoita. Falo, mais non se me fai caso. Ninguén me visita. Estou soa. Aquí só veñen os médicos revisar as miñas constantes vitais. Todo comezou un 28 de agosto de 2006 en Polonia...

Estabamos no parque Luhan, a miña mellor amiga, e mais eu falando do que queríamos facer esa mesma tarde cando soubemos a fabulosa noticia: había no centro un casting para modelos. "É a nosa oportunidade!!", dixeran. Ela non estaba segura. "Veña, vamos; nada temos que perder". Malditas palabras as que pronunciaron os meus inocentes beizos. Poucos meses máis tarde odiaría aquelas palabras que aínda hoxe sigo odiando. Ao final fomos, e sucedeu: escolléronnos. Estaba tan lenda!

Ceguei a casa e conteillo a miña nai, non estaba convencida. Dixenlle que era o mellor, que gañaría cartos, que viviríamos mellor, etc. Mais non estaba de acordo. Entón díxenlle que podía falar con Carlos, o home que me fixera a proba. Aceptou. Ao día seguinte fomos comer con Carlos. El explicoulle todo detalladamente. "Vai traballar para unha prestixiosa marca española e gañará 1.500 euros ao mes. Formarase como modelo profesional, compartirá piso con tres rapazas máis e unha delas será Luhan..." "E o contrato?" Quería saber miña nai. El ensinoulle o papel que traía. Poñía que como único requisito tiña que satisfacer o cliente. Miña nai preguntou de que se trataba, e Carlos dixo que consistía en poñerse en forma correcta para que o cliente quedase satisfeito. Todo semellaba normal. Asinamos.

Dúas semanas despois estabamos voando cara a España. Ao chegar, leváronnos a unha casa enorme, preciosa, con verdes xardíns cheos de rosas vermellas. Namoreime do lugar en canto o vin. Entramos e instalámonos nos nosos cuartos. Non me gustaba a nosa "casa". Eran tres cuartos xunto cunha cociña e un cuarto de baño. Non había ventás. Dixéronnos que tiñamos que poñernos a roupa que estaba sobre as camas e esperar a que fosen buscarnos unha a unha para que nos vise o xefe. Non me gustou a roupa. Non me gustou o cambio de actitude de Carlos. Nin tampouco a forma en que nos estaban a ollar. Mais non fixen caso. Cleo, a rapaza coa que compartiamos "casa" dicía todo o tempo que ela ía ser a protagonista dos spots e a favorita do xefe. Axiña desexaríamos non ser a favorita.

Viñeron buscala e tardou corenta minutos en volver mais cando regresou xa non tiña a mesma vitalidade, supuxen que quizais non lle gustara o xefe. Luhan marchou. No silencio que seguiu sentín a Cleo chorar.



Pregunteille que lle sucedera e díxome que marchase, que ían facerme dano. Vin o medo nos seus ollos. Soubeno. Corrin cara á porta co presentimento de que ía estar pechada. Cleo foi á cociña e dixo que se ía matar. "Non vai haber coitelos", díxenlle. Non había. Olloume. Aperteina. Chrou. Díxome que ela non viñera para aquilo. Eu díxenlle que conseguiríamos marchar, e ela contestoume que lle dixeran que se facíamos algunha parvada matarían a nosa familia. Quedábanos a resignación.

Chegou Luhan, non me ollou. Botei a correr polo corredor. Colléronme. Un home olloume e deume unha labazada. Defendínme. Entón díxome que calase se quería vivir. Leváronme a un cuarto. O fedor era noxento. Alcohól, fume e cheiro a sexo mesturábanse no aire. Comecei a sentir náuseas. Vin daquela o meu xefe. Gordo, noxento, feo. "Non me gustan "díxome" as rapazas que non obedecen. Seica queres que morran túa nai e teus irmáns?" Neguei coa cabeza. Sorriu. Comezou entón o pesadelo, sen mostrar nin a máis mínima compaixón. Rompeu a miña roupa e forzoume no chan. Cando me puxen a berrar, deume unha labazada que me rompeu os

## PREMIOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

beizos. Non puiden evitar mordelíle, e deume un puñetazo que me deixaría un ollo morado dúas semanas. Dixome que como seguise así ían ter que empregarme para prácticas sadomasoquistas. Asusteime. Supliqueille. Non deixei de chorar. Someteume a todo tipo de vexacións. Ao rematar, deume outra labazada e felicítoume: "Noraboa! És a nova estrela do show, o prato forte, a puta máis cara". Olleino asustada, e el sorriu. Frio. "Non, non é broma ningunha. És a que máis me gusta. Viste e lisca de aquí".

Ao chegar a "casa", Luhan e Cleo olláronme e pola súa expresión souben do estado en que se atopaba o meu rostro. Ao me ollar no espello, comecei a chorar. Por moito que me fregase, aquel fedor non saía do meu corpo. Era inaturable.

Na cociña Luhan apertoume, e Cleo púxome xeo no ollo. Sorrín, sorriron. Empezamos a chorar. Daquela petaron na porta e entrou un rapaz delgado con cara de pasalo tan mal coma nós. "Ola", dixo nun inglés con acento italiano moi marcado. "Son Piero. Por favor, non me olledes así. Son coma vós. Estou aquí enganado. Veño explicarnos como funciona todo isto". Contounos que tiñamos ate as cinco para durmir, que ás seis tiñamos que estar no patio se queriamos saír ao xardín e que no tempo libre podiamos ler, escribir, pintar, facer deporte no ximnasio ou simplemente falar. Entregounos un horario coas actividades e as comidas de cada día. Ás oito na "casa", a roupa sobre as camas; e logo cear e agardar. Carlos recolleríanos e levaríanos á sala onde esperaríamos polos clientes. Por veces teriamos que bailar; outras, servir de camareiras. Habería que escribirlles ás nosas familias unha vez ao mes e tamén chamalas por teléfono. As cartas serían revisadas. Cumpría non desobedecer. O primeiro era o cliente. Debíase facer como el mandase. Esa noite durmimos as tres na mesma cama. Máis adiante improvariamos unha cama para as tres. Fixémonos moi amigas. Contabamos os nosos medos e segredos. Tamén participaban a miúdo Piero e Raphael, o seu compañeiro de cuarto. Nunca se falaba do da noite. Xamáis.



Todos sabían que eu era a estrela dos books, a que máis diñeiro gañaba, a preferida do xefe. Todos sabían onde ía de noite cando marchaba cedo e volvía chea de negróns. Todos sabían que non obedecía. Non dicían nada, só me ollaban con mágoa. As veteranas, envexosas, non entendían por que non me agradaba aquilo. Só era "feliz" cos meus compañeiros. Soñabamos cun mundo mellor.

Pasaron meses, anos. A miña familia era feliz, recibía o diñeiro que tan "honestamente" gañaba. Non sei en que momento me fixen adita. Supoño que coa primeira inxección en compañía daquel home con pinta de famoso de telenovela. Recibía a heroína do xefe. Gozaba con que lla pedise a cambio de sexo. Xa non me enfrontaba a el. Piero e mais eu namoramos. Prometíame que seriamos libres, soño que nunca se cumpriu.

Foi o peor o cuarto ano. Cumpría de heroína cada noite. Adelgacei moito. Deixei de ser a favorita do xefe. Chegara carne fresca. Había menos heroína para min. Púxenme enferma e houbo que levarme ao hospital. Carlos facíase o preocupado. Deixaban que Luhan, Cleo e Piero me visitasen. Sempre había alguén vixiando na porta. Un día decidimos fuxir. O plano parecía perfecto.

O 20 de novembro de 1010. Luhan fíxose a mareada, eu desconecteime das máquinas, saímos do cuarto correndo todos xuntos. O garda seguiunos. Disparou. Luhan, morta. Berrei. Corrí cara á saída. Cleo tropezou e caíu. Supoño que a colleron ou a mataron. Non volví saber nada dela. Non deixara de correr. Ao chegar fóra, collemos un taxi, cara á comisaría máis próxima.

Sentíronse disparos e baixamos do taxi en marcha. O taxista, morto. Piero, ferido. Eu, con mono. Corremos. Ninguén na rúa fixo nada por axudarnos; tan só dous camelos que fuxían. A policía chegou tarde. Nunha rúa sen saída alcanzaron de novo a Piero cando intentaba protexerme. Chorei ao velo sangrando no chan. Sentín daquela a primeira labazada e logo a primeira patada no estómago. Unha brutal malleira. Tratába de protexer a cabeza. Carlos berraba que aínda logo de morta serviría como boneca, que a miña familia morrería. Brazos rotos, costelas rotas. Cuspíanme. Choraba. O zunido dun cinturón. Sentín entón as sirenas lonxe; mais eu, creio, aínda estaba máis lonxe. Non vin luces. Todo escuro. Un tiroteo, e oín como detiñan a Carlos mentres berraba que eu sempre fora a peor, que debería de matarme o primeiro día.

Unha voz de home dixo que seguía viva. Todos cantos me importaban morreran. Todos pola miña culpa. Leváronme a un hospital, e non souben nada máis. Sempre lles sentía ás enfermeiras palabras de mágoa. Non quero a súa mágoa. Só quero morrer. En canto acorde, vou matarme neste mesmo hospital.

Leila Alonso Fernández

## PREMIOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Que bela é a vida!

Endexamais o dubidedes. Porque A vida é bela, aínda que sexa nun campo de concentración. Aínda que unha mañá, ao acordar de sonos intranquitos, Gregor Samsa se atopase na súa cama transformado nun monstruoso insecto. Tamén podería pasarvos a vós.

Mais A alguén voou sobre o niño do cuco e O carteiro sempre chama dúas veces. Nin sequera Jack Nicholson pode opoñerse a esta gran verdade. O que o vento se levou é irremprazable, aínda que mañá será outro día. "A vida é coma unha caixa de bombóns..., nunca sabes o que che vai tocar", dixo a mamá de Forrest Gump. E esta vez A decisión de Sophie é demasiado difícil. Mais tranquilos, "sempre nos quedará París".

A laranxa mecánica detense demasiado cedo. Ao preso 655321 gústalle a ultraviolencia ou podería pararse o tempo mentres Tiburón avanza cara a ti. Tiburón-quenlla. Quenlla, Quenlla II, Quenlla III, Quenlla IV.

Non pasa nada. Os vixiantes da praia sempre poderán sacarvos dun apuro. Cunha simple chamada, Os anxos de Charlie baixarán a se enfrontar a Demi Moore, que non esquece nunca dicir: "Eu nunca fun boa..., fun FANTÁSTICA".

De todas formas, ninguén pode salvarnos de Jigsaw en Saw ou en Saw V ou en Saw VII, nin da motoserra culpable en Matanza de Texas.

A vida é coma unha Odisea do espazo, máis difícil que atopar Sete noivas para sete irmáns, cargada de Sorrisos e bágoas. Buscamos príncipes azuis como A Bela Durmente e tan só atopamos os Outros. "Hai un amigo en ti" díxeronlle a Buzz Lightyear; e el creu que podía chegar ao infinito e máis alá.

"En ocasións, vexo mortos", díxeronlle a Bruce Willis. E el tamén o estaba, mais decidiu que a morte era mellor vivida. Con saias e ás tolas, que entrar a formar parte do Club dos Corazóns Solitarios do sarxento Pementa.

Como dixo o Titanic. "Querido iceberg, eu tamén sinto o quentamento global. Kharma?". Porque todos sabemos que Jack tamén cabía no taboleiro de madeira, aínda que logo Leonardo fose buscar Diamantes de sangue a África.

Por iso e por todo o demais, temos que vivir coma un Cisne negro, destacando entre a multitude. Que grazza ten ser un Uises se fas o mesmo todos os días e Mary Bloom che pon os cornos? Mais vale un V de vendetta e desafiar os deuses, aínda que envíen a un heroe coma Hércules ou Percy Jackson, antes que se amargar como Madame Bovary por todo o que puido ser e non foi. Ninguén sabe se o gato de Schrödinger segue no caixón ou se existe a calella Diagon e todos os Weasley se reúnen con lord Valdemort para rir de nós.

Que queda entón? Un suicidio moi ao Ana Karenina ou gozar aínda que sexa como unha Lolita que xoga con Humbert Humbert. O Doce Paxaro de Xuventude escapa montado nun Tranvía chamado desexo cara ao país das marabillas onde Alicia o agarda.



É mellor bicar a un home araña ao revés ou dar a volta ao mundo sete veces sete para que volva ao seu sitio, como Superman ferido pola kriptonita. Camiñar todos os días Descalzos polo parque ou tomar todas as mañás un Almorzo con diamantes na cama mentres a Holly Golightly lle dan cincuenta dólares para ir ao toucador. Vivir a vida coma Unha Gata sobre o tellado de cinc quente, deixando ben claro que nada nin ninguén cho vai arrebatat.

E un día, de súpeto, O último verán. Como Katherine Hepburn, ninguén quere asumir a morte. As liñas torcidas de Deus nunca se enderezan, e empezan a chegar Postais dende a terra de ninguén para O extranxeiro sen sentimentos, atrapolo polo sol alxeriano. Esvaerese nun salaio coma O perfume, coma Grenouille devorado pola adoración. O compás dourado deixará de marcar o camiño.

Por iso, vivide, vivide mentres poidades, lembrando que Non hai lugar para inocentes neste mundo, que como en Charada, moitos se ocultan tras máscaras ou outros vixían dende unha Fiestra indiscreta. A mecánica do corazón non furula demasiado ben cando o teu é un reloxo de cuco, cando es un peregrino sobre patíns Na procura dun soño imposible.

Mais tranquilos, eu querdarei aquí. Serei coma un Gardián entre o centeo, agardando e coidándovos para que non vos pase nada. Aínda que, como ben sabedes, nada é infalible. Lembrade que O frío modifica a traxectoria dos peixes e que a vida parece deterse e, porén, xira. Xira sempre e para todos, incluso para O Home Invisible ou para Dorian Gray, que non atura velo no seu retrato.

Nin sequera Poirot atopou O corpo de Jennifer cando levaron Algúns homes bos pola Milla verde. Así que, lembrádeo ben: "Mellor... imposible". Nunca acordedes deste Soño dunha noite de verán.


Carme Zalvide

## PREMIOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Nin estuda, nin traballa, nin protesta

Este curso escola estivo marcado polos recortes neste ámbito. Así, assistimos a un decreto, acorde coa danza ditada polo FMI e o Banco Central Europeo, que entre outras cousas abarataba o despido, potenciaba a temporalidade laboral, reducía as pensións... A resposta foi tamén orquestrada dende os sindicatos que procederon á renuncia das reivindicacións progresistas. De feito, os sindicatos diminúen en popularidade; e a súa fidelidade é premiada polo goberno co nomeamento de Valeriano Gómez (un dos que ía en cabeza na manifestación en Madrid do día 29 de setembro) como Ministro de Traballo.

Ante tanta facilidade para manobrar, o capital procedeu tamén ao retraso da idea de xubilación; algo que pagaremos nós, a mocidade. Paradoxicamente ninguén saíu á rúa no seu nome.




Entrementres, nese afastado continente chamado Europa, tamén se levaron a cabo recortes moi semellantes. Os mozos saíron ás rúas inglesas, italianas, francesas ou gregas. Sen embargo, nós, os abandeirados da xeración "nin-nin", os que padeceremos unha realidade aínda moito máis crúa, dedicámonos a ollar para outra parte.

Esquecemos por igual a exclusión social que padecen as mulleres e facemos do consumismo a nosa forma de via sen preocuparnos polas consecuencias ecolóxicas, dándolle ás costas á hecatombe medioambiental á que nos enfrontamos. Por suposto, pasamos por alto que esta cómoda vida nosa se sostén grazas á explotación daquelas persoas que viven nos países subdesenvolvidos. Nada queremos saber de todo isto.

É posible que algún día entremos en razón, mais daquela haberemos de gañar de novo aquilo que polo que morreron milleiros dos nosos devanceiros.

Luis Toledo




## 2º BACHARELATO D



## 2º BACHARELATO B



# TEATRO “AULATALÍA”



## “10 negriños”

Coñecida novela de coñecidísima escritora Agatha Christie. Crimes e misterio. Quen é o asasino? Velaquí a gran pregunta que non obtén resposta máis que na derradeira escena da obra. Como é habitual, os personaxes habitan nunha mansión na que aparición dun cadáver crea un ambiente claustrofóbico do que ningún personaxe dá escapado.

## Os personaxes

Hainos para todos os gustos: unha cociñeira lacazana e protestona, un mozo fillo mimado dunha familia adifneirada, unha xenerala con problemas de conciencia, un xuíz serio e concienciado que procura resolver o misterio, unha doutora histórica especializada en doenzas nerviosas, un detective que non sabe onde ten a man dereita...

## A obra


Logo de “O soño dunha noite de verán” de Shakespeare, “A pousadeira” de Carlos Goldoni ou a adaptación teatral de “O principiño” de Saint-Exupery, Xiada, a directora do grupo Aulatalía, escolle unha novela detectivesca, unha obra que ela mesma recoñece que é a máis complexa que montou ate o momento. Segundo outras obras anteriores, como “O principiño”, estaban pensadas para alumnos dos primeiros cursos da ESO, esta de Agatha Christie diríxese especialmente a alumnos de bacharelato.

## As actrices

A obra deste curso representa un reto especial se temos en conta as actrices coas que o grupo teatral conta: unha maioría de alumnas de primeiro e segundo de ESO. Non obstante, cómpre destacar a agradabilísima sorpresa que supuxo María, de primeiro, que constrúe de xeito inmillorable un dos personaxes máis complexos. Falamos, pois, dunha gran promesa que pode chegar no futuro ao nivel das dúas prima donna do grupo de teatro: Lucía e mais Andrea, que levan xa cinco cursos incorporadas ao “Aulatalía”. E coma sempre, a queixa habitual: para cando os actores? De que se trata? De lacazanería, de falta de imaxinación, de vergoña? Prepárase a toda présa unha civilización que poderá prescindir sen máis dos homes.



# TEATRO “AULATALÍA”





## O traballo no grupo

Dedicóuselle unha especial atención á proxección da voz sen necesidade de berrar. Para conseguilo, cómpre dominar a respiración abdominal, que require unha longa e continuada práctica de anos. Se se sabe proxectar a voz, evítase empregar mal a voz (non só no teatro, tamén na vida cotiá), o cal levaría á aparición de nódulos e pólipos nas cordas vocais. A vocalización é outra das aprendizaxes que se coidan nun grupo teatral.

## Unha directora moi profesional

Á fronte do grupo “Aulatalía”, temos a sorte de contar con Xiada que, a estas alturas, xa se converteu nunha profesional que de e para o teatro. Non é un mundo fácil (especialmente nos tempos que corren), e Xiada demostrou a súa capacidade e valentía creando a súa propia empresa de espectáculos (cfr. a páxina web [www.animar-t.com](http://www.animar-t.com)). “O noso forte -explica Xiada- son os espectáculos familiares. Agora mesmo dispoñemos de cinco espectáculos, todos de teatro musical, un xénero pouco usual en Galicia e que gusta moito”.



## Os espectáculos de “Animar-t”

“A historia de Martín” conta a historia dun neno hiperactivo e con déficit de atención que, adecuadamente motivado, consegue aprender tanto ou máis cós seus compañeiros.

“A casa de cartón” trata da reciclaxe, da xenerosidade e das vantaxes de compartir cos demais aínda que sexan de diferente raza.

En “O elixir máxico”, o asunto tratado é a violencia e a inocencia.

“Laia, aprendiz de maga” desenvolve a historia dun avó e mais a neta. Vense obrigados a separarse, e a neta fará todo o posible por reunirse co seu querido avó. Inclúe trucos de maxia.

“Os músicos de Bremen” é un espectáculo de guiñol onde se fala do abandono animal e mais da amizade.

# 1º PREMIO DE NARRATIVA EN CASTELÁN (1ª etapa)

## EL MAESTRO DE LAS ILUSIONES

Me llamo Shanon e mi sueño es ¡SER LA MEJOR DETECTIVE DE JAPÓN! Apis y Fujie, mis mejores amigos, y yo formamos un grupo excepcional de detectives de un pequeño barrio de Tokio. Aunque non tengamos más que catorce años, hemos leído muchas novelas de detectives y somos expertos en el asunto. No nos suelen encargar muchos casos. Bueno, en realidad sólo uno de momento: buscar el gato de una vieja. Ya le hemos dicho que no hacemos ese tipo de cosas (...), definitivamente rechazamos el caso del gato y decidimos investigar crímenes (...)

Sábado 29 de julio, espectáculo de magia en un crucero.

Apis, Fujie y yo acudimos a ver el espectáculo; en concreto, del mago más famoso de Japón (ganamos los pases en un concurso).

Entramos en el inmenso salón del barco. En cuanto estuvieron todos los invitados, zarpó. El viaje duraba 7 horas, de las 16:00 a las 23:00, con aperitivos incluidos. Espero que Apis no coma demasiado otra vez, no sería la primeira vez que vomita.

(...) A las 16:05 se apagaron las luces y una sombra se movió sobre el escenario. Cogimos las butacas de la primera fila, las que nos habían asignado (...). A nuestro lado se sentó una pareja joven. Los dos vestían de gala. La mujer llevaba un precioso pero llamativo collar de perlas a juego con su vestido rojo y el hombre una pajarita que no encajaba en absoluto con su atuendo.

Cuando se pudo ver con claridad, se distinguió sobre el escenario un chico de unos 20 años. Llevaba una larga capa, blanca como el resto de su ropa, un sombrero de copa con unha cinta azul y un monóculo en el ojo derecho. Se quitó el sombrero y se inclinó hacia el público con un gesto de cortesía. Sin decir palabra comenzó a interpretar su papel de mago. Saco un conejo de su sombrero (un clásico), pero después todo empezó a cambiar. De su capa salieron 10 palomas, cogió una fuente transparente que llenó de agua, metió las manos cerradas e de ellas salieron 20 peces de colores.


Se apagaron las luces por completo y una voz de hombre interrumpió la actuación:

Queridos invitados, preparaos para la auténtica actuación.

Se encendieron las luces. La mujer que estaba a milado tenía un cuchillo clavado en la cabeza. Sin duda estaba muerta. El hombre, sobresaltado por la impresión, gritó. Los invitados, asustados, salieron rápidamente del salón. Allí no había policías, así que empecé a investigar con mi grupo.

Estaba claro que el cuchillo había caído del techo con una fuerza impresionante. La herida era muy profunda.

Empecé por inspeccionar la sala. Parte del respaldo, la cabecera de la butaca y el mango del cuchillo estaban mojados. Pero, ¿por qué?



(...) El asiento de la mujer era el único que tenía varios cortes de cuchillo, lo que me extraño mucho. Cuando buscaba más pistas, una gota de agua me cayó en la frente. ¿Y esto? Lo primero que pude observar fue que la bota había caído de la lámpara. También me sorprendió la ausencia de uno de sus cristales. No le di demasiada importancia, pero lo apunté en mi cuaderno de sospechas. No había nada más que llamara la atención excepto dos marcas que había en la pared, como si alguien hubiera apoyado algo muy alto; dos palos o algo por el estilo.

De repente empezó a encajar todo. (...) Sólo me faltaba encontrar al asesino. Sólo la gente que había tenido acceso a aquella sala antes del espectáculo podía ser culpable, al resto no le había podido dar tiempo a preparar nada.

- ¡Eso es, él es el culpable!!

## 1º PREMIO DE NARRATIVA EN CASTELÁN (1ª etapa)

Necesitaba pruebas. Llamé a Apis y a Fuije, que se enfadaron un poco porque no les quería decir de quien se trataba. Cuando reuní a los invitados para desvelar el misterio, descubrí que faltaba el asesino.

Salí corriendo. Allí estaba, solo en la proa del barco, el mago.

- Has sido tú, ¿verdad?

No contestó. Seguía mirando el horizonte. Empecé a explicarme.

-¿Que es eso que brilla sobre tu capa, tal vez son los cristales de la lámpara donde estaba el cuchillo camuflado en lugar de un cristal?

Seguía sen decir nada.

Lo tenías todo planeado y calculado minuciosamente. Subiste con unas escalera hasta la lámpara con un cuchillo con el mango incrustado en hielo para que, al derretirse, cayera sobre la víctima (...). También deduzco que era a una persona concreta a quien querías matar, por la sencilla razón de que las butacas estaban numeradas e asignadas. Hiciste varias pruebas, por eso el asiento estaba acuchillado.

- ¿Tienes algo que decir al respecto?

Se apoyó en la barandilla y dijo mirando al mar:

- No, has acertado en todo. Cuando era pequeño, mi hermano mayor, también mago, murió en una actuación, una de las más difíciles de todas: encadenarse a una piscinia, llenarla de agua y desencadenarse. Al final el truco salió mal. Ella era su ayudante, pero no hizo nada para salvarle la vida. Por eso la maté.

(...)

El mago se subió a la barandilla y dijo:


- Te hará falta algo más que tus deducciones para atraparme.

Saltó del barco a la vez que varias cartas salían de su capa. Me asomé, pero ya había desaparecido dejando dibujada una sonrisa en el agua.

En el puerto le expliqué todo a la policía que me dio la enhorabuena por la excelente investigación.

Pero el me había desafiado, y la próxima vez estaba dispuesta a atraparlo.


Angeles Regal



## Unha pequena historia conspiranoicodeportiva

O Real Club Celta de Vigo nace no ano 1923 da fusión de dous clubs xa existentes na cidade. O Vigo Sporting e o Fortuna de Vigo. Cando en 1928 se crea a Liga Española de Fútbol, decídese que a primeira división sexa disputada polos equipos que xa foran campións ou subcampións da Copa de España. Os equipos campións eran: Athletic de Bilbao, Real Madrid, Real Sociedade, Barcelona, Real Unión de Irún e Arenas de Getxo. O subcampións, o Atlético de Madrid, o Español, o Europa de Barcelona e mais o Vigo Sporting.

Daquela, na Galiza aínda non tiñamos vías de comunicación tan modernas coma cataláns, vascos e madrileños, e viaxar onda eles constituía un traxecto lento e penoso. A consecuencia foi que o equipo da nosa cidade ficase fóra da competición, pasando por alto o subcampionato acadado polo Vigo Sporting.



O R.C. Celta de Vigo empezou a disputar a Liga na segunda división; en troques, e o Racing de Santander (coa súa fermosa praia do Sardinero) converteuse en equipo de primeira. Afortunadamente estas cousas xa non pasan, e todos os equipos reciben o mesmo trato por parte dos estamentos organizadores do fútbol español. Os partidos dispúntanse entre clubs parellos económica e deportivamente. Os seareiros somos tan intelixentes, como para non converternos en simples datos das audiencias dos medios de comunicación, que á súa vez deixaron de ser monotemáticos para converterse en plurais.

Nós, os vigueses (e por extensión, todos os galegos), non esquecemos o desprezo que sufrimos. Foron poucos os galegos que se volveron seareiros de equipos cataláns, vascos ou madrileños. Eses pouquiños, como se sabe, son tratados como rarezas ou frikies; e sentimos certa peniña por eles. Ao fin e ao cabo, ten que haber de todo no mundo...

Manuel Viéitez

ROCK GALEGO



O rock galego ten importancia evidente para a cultura e a música galegas en canto que aporta matices novos a este estilo creado nos EE.UU. Cómpre distinguir o rock feito en Galicia fundamentalmente en castelán (similiar ao doutros lugares aínda que con variacións de seu nos temas e nas letras), do rock en lingua galego, no que a marca dun estilo propio fronte a outros era máis evidente. Ademais das letras e temas, sempre referidos a Galicia, tamén existía un uso premeditado de instrumentos e músicas achegadas á tradición galego como elemento diferenciador. Como sinala Xurxo Souto, fundador de Os Diplomáticos de Monte Alto: "Era ben difícil que daquela xurdise un rock cantado en galego, simplemente porque para un rapaz de aldea era practicamente imposible acceder a unha guitarra eléctrica... Nos noventa, as guitarras eléctricas chegaron á aldea e o país enteiro reborda de grupos". A excepción a esta visión xeral constituíu o grupo N.H.U.



Edición antolóxica de rock bravú



O cambio sociolóxico foi determinante para que a cultura galega incorporara a súa sensibilidade a un fenómeno global coma o rock. Así van xurdindo temas que se aproximan ou son precursores dun rock galego, como o Estamos chegando ao mar de Bibiano.


Os primeiros grupos de rock galego foron, por un lado, o compostelán N.H.U. (Una hermosa noche), creadores dun folk progresivo e que gravan o seu único disco en 1978 para disolvérense en 1980; e, por outro lado, o grupo pioneiro de rapaces de Cambados Goma 2 co seu disco O galiñeiro, editado en 1979, posible precursor do rock bravú. O seu carácter de precursor é hoxe moi evidente por máis que a súa duración fose efímera. "Mais tiveron que ir á mili e aí acabou o conto", explica Xurxo Souto no seu artigo "Novas formas na música popular galega" (en O feito diferencial galego na música. Museo do Pobo Galego, 1998, vol. I, p. 300 e ss.).

A movida dos 80 popularizou o rock galego na Galicia urbana, sobre todo en A Coruña e Vigo. Siniestro Total, que apenas gravaron en galego, foi un dos principais grupos. Si gravaron en galego Os Resentidos, liderados polo polifacético Antón Reixa. Os Resentidos consolidaron a idea de que o rock en galego era máis que posible. A eles sumóuselles a aportación doutros grupos como Radio Océano en A Coruña.

Xurxo Souto, fundador de "Os Diplomáticos do Monte Alto".



Antón Reixa fundador de "Os Resentidos".





"Nos anos 90 o pulso creativo do rock trasládase da cidade ás aldeas... Xorde o rock bravú", escribe Xurxo Souto no artigo xa citado. O 1 de novembro de 1994, en Chantada, o movemento bravú toma conciencia da súa existencia. Pretendía representar e dar expresión a unha revolta contra a imposición dunha cultura allea e, asemade, reivindicar as raíces de noso a través do rock. Unha multitude de grupos xorden simultaneamente por toda Galicia co mesmo espírito. Moitos deles chegan a gravar e acadan popularidade malia que o interese das discográficas é máis que limitado. Pódense citar, entre outros, Os Skornaboys de Mondoñedo, Os Maruxa de Cedeira, Rastreros de Chantada, O Caimán do Río Tea de Pontearreas, Os Túzaros de Santiago, Papaqueixos de A Coruña, Heredeiros da Crus e mais Os Diplomáticos de Monte Alto de A Coruña. Fican moitos máis sen citar.

É moi curioso comprobar como determinados temas do folk-rock se a achegan a outros do rock bravú, se ben o que define máis a este último é a gran importancia das letras e mais das voces, así como os temas tratados, sempre mordaces, actuais, críticos, punxentes; algo mesmo inimaxinable no ámbito folk.

Xaime Estévez

**ALGÚNS GRUPOS DE ROCK DE GALIÇA**

PRIMEIRAS EDICIÓNS DISCOGRÁFICAS\*

ANO	GRUPO	EDITOR
1978	N.H.U.	ZAFIRO
1979	GOMA2	MOVIEPLAY
1982	BAR	CÍTOLA
1982	METRO	CÍTOLA
1982	SINIESTRO TOTAL	DRO
1983	GOLPES BAJOS	NUEVOS MEDIOS
1984	OS RESENTIDOS	DRO
1985	SEMEN UP	NUEVOS MEDIOS
1986	AEROLINEAS FEDERALES	DRO
1986	BROME A O QUE?	BATERIAS TAPONADAS
1986	RADIO OCEANO	RNE
1987	LOS LIMONES	EDIGAL
1987	VIUDA GÓMEZ E HIJOS	FONOMUSIC
1987	LOS DRAMÁTICOS	MELODIAS DE AYER Y HOY
1988	LOS CAFRES	DRO
1988	LOS CONTENTOS	SONS GALIZA
1988	MONCHO E MAILO SAPOCONCHOS	GASA
1991	OS DIPLOMATICOS DE MONTE ALTO	DRO
1991	OS QUININDIOLAS	AUTOEDICIÓ
1991	LOS SUAVES	CLAVE
1992	LOS PIRATAS	WARNER
1992	RASTREROS	CAN
1994	HEREDEIROS DA CRUS	XURELO ROXO
1994	THE KILLER BARBIES	TOXIC
1995	BLOOD FILLOAS	TOXIC
1995	KOROSI DANSAS	MAN
1995	O CAIMAN DO RIO TEA	SONS GALIZA
1996	YELLOW PIXOLIÑAS	SONS GALIZA
1996	SKORNABOIS	CHORIMA
1997	XENREIRA	CUMIO
2000	ASTAROT	DISCMEDI

\*Os que cantan habitualmente en lingua galega van en sombreado.



**SINIESTRO TOTAL**



**GOLPES BAJOS**





# CLUBS DE LECTURA



O club de lectura do IES "Álvaro Cunqueiro" chámase "Merlín", nome que tamén recibe o blog de que dispoñemos, un nome que nos remite ao mundo máxico dos libros. Somos o "Álvaro Cunqueiro" e a nosa Miranda (isto é, o noso amado país) está na biblioteca, nos libros, na lectura.

Dispoñemos de dous clubs de lectura; un pensando para os alumnos, en horario lectivo; e outro máis para toda a comunidade escolar e que se reúne os últimos luns de cada mes, ás 18.30.

A proposta dos libros vai sempre acompañada dunha breve explicación sobre o motivo da elección, das pautas de lectura, xunto con algunhas suxestións que invitan a reflexionar e sobre as que se debate durante as reunións.

Das actividades realizadas damos conta na memoria que se realiza cada curso e que presentamos nas I Xornadas de Clubs de Lectura celebradas en Compostela o 25 de xuño. Xa son catro os cursos que estes clubs de lectura levan abertos con resultados máis que satisfactorios.

O grupo da biblioteca está formado este curso polos mesmos profesores que no anterior. As encargadas de dirixir os clubs de lectura son Carme de la Torre (coordinadora da biblioteca do centro) e mais Dolores Casanovas, dos departamentos de lingua galega e lingua castelá respectivamente.

O club de lectura do alumnado (Merlín I) conta con dezaseis membros e a Merlín II asisten vinte membros da restante comunidade educativa.

As lecturas soen complementarse con outras actividades como:



- Proxección de películas relacionadas cos temas desenvolvidos nos libros propostos como lectura.
- Encontros con escritores.
- Recitais poéticos.
- Visitas a determinados espazos relacionados co asunto dos libros propostos: rota rosaliana, rota de "A esmorga", Muíños do Folón, etc.

Para a difusión das actividades desenvoltas polos clubs de lectura dispoñemos de taboleiros, así como dun blog e mais dunha páxina web do centro


. Os enderezos son:

<http://centros.edu.xunta.es/iesalvarocunqueiro>

<http://merlin.blogaliza.org/>



# ENTROIDO NO INSTITUTO





# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

## Miniaturas de motores navais

O venres, 15 de abril, os alumnos/as do IES “Álvaro Cunqueiro” atenderon ás explicacións que deu o mecánico naval xubilado José Manuel Hermo (Patelo, para os amigos) ante os motores de barcos en miniatura realizados por el mesmo artesanalmente. Patelo limitouse a empregar un torno para transformar as pezas de desfeita que, logo, convertidas en motor, funcionan con aire comprimido. Cabo do señor Patelo estaba o capitán da mariña mercante D. Segundo López Viqueira, que fixo unha demostración con utensilios mariños como sextantes, cartas náuticas, diarios de abordo, etc.



## Vigo por dentro

O departamento de música realizou dúas interesantes visitas durante o mes de xaneiro. A primeira, co alumnado de cuarto de ESO á Escola de Artes e Oficios de Vigo, onde os alumnos visitaron a biblioteca e mais o obradeiro de construción de instrumentos de tradición galega. A visita foi dirixida polos profesores Xaime Rivas e Carlos Corral. A segunda das visitas levárona a cabo os alumnos de primeiro de bacharelato á Casa Gelega da Cultura e á Fundación Penzol e a súa impresionante biblioteca na que se inclúe o fondo de máis de trinta mil volumes legados por Francisco Fdez. del Riego acompañados dunha valiosa pinacoteca con obras de importantes pintores galegos contemporáneos.



## Acaverna de Platón

O 2 de marzo os alumnos de filosofía de segundo de Bacharelato asistiron no Verbum ao espectáculo “A caverna de Platón”, realizado polo grupo “O teatro resoante” con gran riqueza de medios audiovisuais. Grazas a isto, o espectador mergúllase no mito filosófico creado por Platón. O mundo da nosa experiencia, ao cabo, non pasa de ser un mundo de sombras e aparencias xerado en gran medida polos medios de comunicación.



## Visita ao centro da escritora Ana Alcolea

A visita tivo lugar o 24 de febreiro. Ana Alcolea é autora de varias das obras de lectura obrigatoria na materia de lingua castelá nos cursos da ESO como “El retrato de Carlota”, “El medallón perdido” ou “El bosque de los árboles muertos”. A autora explicou o proceso creativo e os múltiples elementos inspiradores. Unha charla amena e formativa.



## Visita ao Museo Arqueolóxico de Braga

Alumnos de segundo de Bacharelato viaxaron o 3 de marzo á fermosa cidade portuguesa de Braga. Fixeron un percorrido polo seu casco histórico e entraron na librería Lello e mais no Café Majestic. Do Museo Arqueolóxico merece especial mención a exposición temporal de vidros romanos así como a exposición permanente de epigrafía. Os alumnos tamén visitaron as termas romanas e o seu entorno que inclúe os alicerces do desaparecido teatro romano.



# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

## Actividades do Día do Libro

Como todos os cursos, o departamento de lingua castelá organizou unha serie de actividades: concursos literarios a diferentes niveis e elaboración de viñetas con motivos quixotescos en colaboración co departamento de plástica. No concurso de narrativa, os traballos co primeiro premio foron os das alumnos Ángeles Regal (2º de eso) e mais Carne Zalvide (2º de bach. B). No concurso de pistas literarias, os premiados foron Xulia Larrán (2º de eso) e mais Denis Carballás (4º de eso B). No concurso de debuxo, a premiada foi Carne Carrasco (3º de eso A).



## Exposición de Virxilio Vieitez

O 3 de marzo, os alumnos de 4º de ESO visitaron o museo Marco para contemplar a exposición do recoñecido pintor.



## 1ª Mostra viva de instrumentos musicais

O 22 de novembro, coincidindo coa festividade de santa Cecilia, patroa dos músicos, o departamento de música organizou por vez primeira unha MOSTRA VIVA de instrumentos musicais. Expuxéronse un total de 55 instrumentos dispostos en tres espazos: o de música pop, o de instrumentos clásicos e mais o de instrumentos tradicionais. Vinte alumnos colaboraron tocando en directo. Houbo mesmo breves clases de iniciación aos diferentes instrumentos. Unha experiencia que merece ser repetida e, dentro do posible, mellorada.



## “Clever Pants” at School

January 26 (Eso students) and 27 (Bac students).  
Once more CLEVER PANTS -the theatre company performing plays in English at schools- have been with us and have shown again their ability and excellent work to make all of us have a very very good time. Their clever performance, their witty dialogues, their funny gestures and their excellent work on the stage helped the students enjoy both plays -one for the Eso students (School is out) and another for Bac students (Clever Classics)-thoroughly, they were really attentive and couldn't keep their eyes off the two actors and the actress at any time.  
The students took part in the plays whenever they were asked, they hopped onto the stage and had fun with the actors themselves, making the audience have a great time.



## Xadrez

Ao longo de todo o curso, na aula especialmente destinada a tal efecto, un elevado número de alumnos do centro dedican o tempo dos recreos a medir a súa intelixencia na competición axedrecística. O éxito desta actividade anímanos a insistir na súa promoción.





# O TRASHO

Maio 2011

J.E.S. Álvaro Cunqueiro



IES

ÁLVARO

CUNQUEIRO



OUTRASNO



SCORE 2011 LIVES

